



Fagamos Igrexa Galega

Marisa Vidal Collazo



É imposible que alguén creza se non ten raíces fortes que axuden a estar ben sostido e agarrado á terra. É fácil «volarse» cando non hai onde agarrarse, onde suxeitarse.

Papa Francisco
XXXIV Xornada Mundial da Mocidade en Panamá
(26/01/2019). *L'Osservatore Romano*, ed. Castelán
(1/02/2019) p. 13.

Pensade isto: se unha persoa vos fai unha proposta e vos di que ignoredes a historia, que non recollades a experiencia dos maiores, que desprecedes todo o pasado e que só miredes o futuro que el vos ofrece, non é unha forma fácil de atrapavos coa súa proposta para que soamente fagades o que el vos di? Esa persoa necesitavos baleiros, desarraigados, desconfiados de todo, para que só confiedes nas súas promesas e vos sometades aos seus plans. Así funcionan as ideoloxías de distintas cores, que destrúen (ou de-constrúen) todo o que sexa diferente e dese modo poden reinar sen oposicións. Para isto necesitan mozos que desprezen a historia, que rexeiten a riqueza espiritual e humana que se foi transmitindo ao longo das xeracións, que ignoren todo o que os precedeu.

Christus vivit Cap. VI, 181.

Numerosos Pais sinodais provenientes de contextos non occidentais sinalan que nos seus países a globalización leva auténticas formas de colonización cultural, que desarraigán aos mozos da